

## **Instrucción conxunta da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Dirección xeral da Función Pública sobre determinadas situacións de teletraballo pola evolución do COVID-19**

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de Xuño de 2020, polo que se aproban medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial derivado do estado de alarma, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica da entón Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG do día 13 de xuño), contén certos permisos que modulan a reincorporación ao traballo presencial que rematan a súa vixencia o día 21 de setembro.

A evolución da pandemia dentro do tecido social fai necesario manter certos mecanismos adoptados na normativa salientada que permitan o teletraballo cando pola natureza da actividade laboral este sexa posible.

Enténdese ademais que esas medidas son necesarias cunha vixencia circunscrita á afectación do virus na sociedade.

Polo tanto Acordase, en relación aos permisos establecidos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de Xuño de 2020, polo que se aproban medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial derivado do estado de alarma, as seguintes medidas:

Primeiro.- O persoal que teña ao seu cargo fillos ou fillas menores de 16 anos, persoas con discapacidade ou maiores dependentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que convivan no domicilio familiar e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores poderá seguir prestando o seu traballo en réxime de teletraballo, sempre que non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral.

Esta mesma previsión seralles de aplicación ás empregadas públicas embarazadas mentres dure esa situación.





Segundo.- Ao persoal que presente solicitude e acredite circunstancias especiais poderáselle autorizar, excepcionalmente, o mantemento ou establecemento dalgún réxime de teletraballo combinado ou non con algún tipo de modificación de xornada.

Terceiro.- A solicitude do interesado, á que acompañará a documentación acreditativa dos motivos e a necesidade de calquera destas medidas, deberá contar co informe favorable do responsable do centro directivo en que presta servizos. Esta extensión da duración do teletraballo será autorizada, de ser o caso, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da consellería ou pola persoa responsable en materia de persoal do organismo autónomo ou axencia pública da súa adscrición.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

